


Actividade na que o usuario ha de ordenar as palabras que compoñen unha oración para que esta teña sentido:

Ordena as palabras para formar oracións.



ACERTOS:
0/4

castiñeiros

bosque

chámase

souto.

de

Un

?

Na pestana "Actividade" atopamos:

1 Haga doble clic para introducir datos

Frase / oración	Archivo imagen	mp3	ogg	Pista / Pregunta
La vegetación galega é do tipo bosque atlántico.	C:\Ardora7_L1\Templ\...			
Un bosque de castiñeiros chámase souto.	C:\Ardora7_L1\Templ\...			
Un bosque mixto con faias é unha devesa.	C:\Ardora7_L1\Templ\...			
Un bosque mixto con carballos é unha fraga.	C:\Ardora7_L1\Templ\...			

2 Selección dos distintos parámetros para a actividade

Tamaño: Ancho 600, alto 350


3 Tamaño de las imágenes: 200 x 200 píxeles

4 Verdana, Geneva, sans-serif

5 Botón para "siguiente": Texto Seguinte >>>

ZONA 1

Aquí faremos dobre clic na táboa e como sempre, aparecerá unha ventá emerxente para introducir datos:

No campo (1) escribiremos a frase correctamente ordenada; se comezamos con maiúscula e rematamos con punto daremos pistas adicionais ao usuario. No campo (2) poderemos achegar unha imaxe (opcional) que aparecerá enriba das palabras a ordenar como pode observarse na figura 1 deste manual. Nos campos (3) poderemos achegar pistas de audio (opcional); neste caso, na parte superior esquerda da área de actividade aparecería unha pequena icona que o usuario podería pulsar para escoitar o son en cuestión: . No campo (4) poderíamos (opcional) introducir un breve texto a xeito de pista que axude ao usuario a ordenar a frase; o tamaño de fonte deste texto será o mesmo que que indiquemos na pestana "3. - Páxina web" para o enunciado da actividade:

Como pode observarse na imaxe, poderíamos repetir todas estas operacións ata 5 veces para que o usuario tivese que ordenar ata 5 oracións na mesma actividade (de forma independente).


ZONA 2

Nestes campos dimensionar o ancho e o alto da área de traballo da actividade. Se o ancho non fose suficiente as palabras distribuíríanse en dous ou máis filas, e se

houbese unha imaxe e o alto non fose suficiente as palabras poderían mesmo situarse fóra da área de


traballo da actividade.

En caso de que introducimos sons, debaixo do recadro "Tamaño" aparecerá outro recadro no que teremos a opción de substituír a imaxe do altofalante que o programa trae por defecto por outra que nós teñamos no noso equipo. Pulsaremos na carpeta (1) para importala e indicaremos o seu tamaño nos campos (2).




ZONA 3

Neste recadro poderemos modificar o tamaño (1) das imaxes que van ilustrar a actividade (no caso de que existan) e tamén o tipo (2) e tamaño (3) de fonte para as palabras da frase a ordenar.



ZONA 4

Este recadro só é útil se introducimos na actividade máis dunha oración para ordenar. Se non marcamos a casa "Poñer botón para seguinte", unha vez o usuario ordene correctamente a oración e pulse no botón de



verificación, o programa salta de forma automática á seguinte frase. Se marcamos esta casa, unha vez solucionada a primeira frase aparecerá un botón emerxente co texto que escribiremos no campo (3) que o usuario terá que pulsar para acceder á seguinte frase. O tamaño da fonte dese botón regularémolo no campo (2).

ZONA 5

Cos botóns (1) decidiremos se todos os recadros da actividade terán ou non as esquinas redondeadas. Cos botóns (2) faremos que cando o usuario sitúe o punteiro do rato enriba das palabras, os



recadros teñan recheo sólido, degradado de arriba a abaixo ou degradado dos bordos cara ao centro respectivamente. Logo temos a xa coñecida casa de verificación para facer compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil (3). Finalmente, se activamos a casa (4) faremos que o recadro da área de traballo da actividade e os recadros de información e verificación presenten sombra nos lados dereito e inferior.